

## ■ *Em fuga, fita gañadora no Festival de Ourense*

A pelcula portuguesa *Em fuga*, dirixida por Bruno de Almeida, fixouse coa *Grande Calpurnia*, o premio á mellor longametraxe do Festival de Cinema Independente de Ourense. O público premiou, pola sua parte, a *Get Real*, do británico Simon Shore, que tamén foi considerada a mellor pelcula europea polo xúri, que estaba composta por Uxía Branco, Carlos Asorei, Jaume Figueras e Xavier Bermúdez. O Premio Eixo Atlántico á mellor curtametraxe foi para *14 segundos e um tico no camiño para a escola*, de Marco Martins, mentres *Uma historia de futebol*, de Paulo Machine, foi considerado o mellor curto polo público. O Festival de Ourense clausurouse o Domingo 14 de Novembro. ♦

## ■ Lápices para un concerto polo Sahara

"Pandeiretas contra metralletas" é o título do festival que se celebra o Sábado 20 en Chantada para pedir a liberdade do Sahara e de todos os povos oprimidos e para o que non se exixe o pagamento en pesetas dunha entrada, senón a entrega de un ou varios lápices. No Nadal enviaranse os lápices recollidos ás escolas saharauis dos campamentos de refuxiados de Tinduf. Os grupos participantes son *A volta do Agro*, de Lugo, *Aquelouros*, de Monforte, e *Panderreteras de Mariz*, Chantada. Organiza a Asociación de Solidariedade co Sahara "Achass" e comeza ás seis da tarde. ♦

## ■ O premio Espiral Maior abre a poetas de todas as idades

Edicións Espiral Maior ven de facer pública a VIII convocatoria do seu libro de poesía que nesta ocasión modifica as bases, abrindo á participación a poetas de calquer idade e con obra xa publicada. Até o momento, e desde a súa creación no 1992, os obxectivos da convocatoria eran pular pola publicación de novos e novas poetas que tiñan como galardón a edición da súa primeira obra. O prazo de presentación remata o dia 30 de Novembro. ♦

## ■ Banda deseñada con Samartín e Andrade Vidal en Ómnibus

Unha irónica visión dos touros na Galiza, de Suso Sanmartín, recentemente premiado en Ourense, e as *Lingus faladoras*, de Xoán Manuel Andrade Vidal son as aportacións á banda deseñada que ofrece a revista electrónica *Ómnibus*. Dirixida por Antón Santamarina e Manuel Rivas e coordinada por Xurxo Souto, a revista ofrece unha reportaxe musical, e unha reflexión sobre a literatura a cártego de Suso de Toro. Debátense en *Ómnibus* sobre os aliméntos traxénicos e anáñicas que proximamente farase sobre a normativa da lingua. *Ómnibus* pode lerse en <http://www.revistaomnibus.com>. ♦

## ■ Novoneira, homenaxe no mes de Decembro

Mentres cidades como Pontevedra e Betanzos estanle a poñer o nome do poeta do Courel a algúns das súas rúas, en Compostela o recentemente fñado Uxío Novoneira terá a súa homenaxe o dia 18 de Decembro. O mesmo programa e, incluso, máis artistas que na

anterior convocatoria, do 30 de Outubro, frustrada polo passamento, como Maite Dono e Susana Seivane. O Sábado 18, a partes das doce da mañá, comezarán o acto programado pola asociación cultural "O Galo", AS-PG e a Asociación de Escritores. Poetas da súa xe-

ración, entre os que se atopan Manuel María, Bernardino Graña, García Bodaño, Méndez Ferrín e María Xosé Queizán tomarán parte da homenaxe de recoñecemento ao valor dunha vida adicada a avanzar na identidade colectiva do país. ♦

## ■ A novela *A semellanza* tradúcese ao inglés

*A semellanza*, a novela de María Xosé Queizán, chega aos Estados Unidos da man da Editorial Peter Lang, que ven de publicala en inglés baixo o título *The Likeness*. O

protagonista da novela, que vai na Galiza pola terceira edición en Sotelo Blanco, descobre a súa homossexualidade e todas as implicaciones sociais que iso supón nunha

sociedade dominada pola heterosexualidade. Está traducida ao inglés, directamente do galego, pola profesora da Universidade do Niágara Ana M. Spitzmesser. ♦

## ■ Lembran en Foz a Manuel Lugilde Penelas

A asociación cultural *A Pomba do Arco de Foz* organiza para o dia 26 de Novembro na Casa da Cultura unha homenaxe ao mestre, home de teatro e fotógrafo Manuel Lugilde Penelas. O programa comezará ás 20:30 horas coa conferencia de Ramón Hermida "Foz 1921-1948. Vida e obra de D. Manuel Lugilde" para despoxos renderlle unha homenaxe coa presencia das súas filhas que se fará extensiva tamén ás nove persoas que traballaron con

el no teatro. Ás 21:30 a agrupación teatral d'A Pomba do Arco porá en escena a obra *De vello, gaieteiro*, que Lugilde escribera e estreara hai agora setenta anos. Desde o 22 de Novembro ao 4 de Decembro poderase contemplar tamén unha mostra fotográfica e pictórica coa obra de Lugilde, autor dunha auténtica crónica da época en imaxes. Para a última semana de Decembro presentarase o libro *De vello gaieteiro. Vida e obra de Manuel Lugilde Penelas*, da autoria de Mónica Pazos e Ramón Hermida. A asociación cultural quere que, con estes actos, se recoñeza o labor dunha "persoa honesta no plano ideológico, difusor e impulsor do teatro galego, na liña das *Irmundades da Fala*, e cun labor pedagóxico que quedou moi marcado en Foz, tamén a meio das suas iniciativas culturais". Manuel Lugilde foi mestre en Foz desde 1921 a 1948 e neste tempo retratou coa súa cámara o acontecer. Estivo vinculado ás *Irmundades da Fala*, foi amigo de Castelao e coordinador da campaña para o Estatuto. ♦



A Rambla (1928). Representación de "La mujer del sereno" que dirixía Manuel Lugilde, no centro con bigode.

## Festival de Cinema Huelva, renovado modelo no aniversario de prata

Ángela Molina, Miguel Littín e Gerardo Herrero recibirán senllas homenaxes

### ■ MIGUEL CASTELO

Un total de 150 películas de diversas metraxes, repartidas en once apartados, componen, ademais doutros moitos actos, a oferta do Festival de Cinema Iberoamericano de Huelva, encontro que no seu viséximo quinto aniversario incorpora un renovado modelo de palmarés con novas e cuantiosas dotacions económicas.

Ademais das suas habituals seccións, Oficial, Informativa e Visión Europa, ou dos espazos dedicados ao conxunto da cinematografía dun país da outra beira do Atlántico, á memoria dunha figura xa falecida, ás homenaxes a oficiais ainda en activo, ou dos reservados ao público infantil e xuvenil, o Festival de Huelva ofrece nesta ocasión, baixo o epígrafe *Chile: Cinema e Literatura*, unha escolma de fitas resultantes de adaptacións de obras mestras da narrativa dese-

pás, e coa denominación Vinte-cinco Anos de Ouro, os filmes todos premiados co Colón de Ouro, no decurso da historia do certame: *Ya no basta con rezar* (Aldo Francia/Chile), *Actas de Marusia* (Miguel Littín/Chile), *La última cena* (Tomás Gutiérrez Alea/Cuba) ou *Los traidores* (Colectivo de Cine de la Base/Argentina), entre outros.

### Amplio aforo

Catorce títulos, escollidos entre un total dos cincuenta presentados á escolta, optarán desta vez a este máximo galardón, dentro da sección a concurso, que a partir da presente edición ten como sede oficial o auditório do Palacio de Congresos da Casa Colón, cun amplio aforo de más de oitocentas localidades.

En Visión Europa poderán ver algunos dos filmes más interesantes da recente producción eu-

ropea, Novo Cinema Arxentino ofrecerá unha escolma de 11 títulos da súa más reciente formación, e o Memorial deste ano lembrará a figura de Juanita Reina (falecida o pasado mes de Marzo), descuberta polo cinema por Claudio de la Torre en *La Blanca Paloma*, no 1942, e consagrada da man de Juan de Orduña en producções como *La Lola se va a los pueblos* e *Lola la Piconera*, en 1947 e 1951, respectivamente.

Tres representantes de diferentes oficios do labor cinematográfico verán recoñecida a súa trayectoria profesional, através de senllas homenaxes: Ángela Molina, unha das más internacionais actrices españolas, o veterano director chileno, Miguel Littín, e o produtor-director Gerardo Herrero, un dos máis influyentes do actual panorama español. Unha mostra de once, doce e once títulos, respectivamente, completarán o recoñecimiento

que o festival onubense rende a estas tres figuras do cinema de fala hispana: entre outros, *Ese oscuro objeto de deseo*, *La mitad del cielo*, *Le voleur d'enfants*/O ladron de nenos; *Compañero presidente*, *El recurso del método*, *Sandino*; *Madregilda*, *Terra y Libertad*, *Martín (Hache)*.

### Maior prestíxio

O Festival de Cinema Iberoamericano de Huelva, de maior prestíxio na sua especialidade, que no decurso do cuarto de século da súa existencia conciliou a presenza das realizacións más importantes de ambas as dúas riberas do Atlántico e das más relevantes personalidades das cinematografías feitas en español e portugués, presenta este ano unha renovada imaxe, que se sustenta na utilización de novos espazos, a creación de novos premios e o incremento das súas dotacions económicas. Así, ao tradicional Colón de Ou-

ro (5 millóns de pesetas; dous máis que o ano pasado) concedido polo Xurado Internacional, e ao seu galardón homónimo votado polo público, suman-se agora os Colóns de Prata á Mellor Dirección, á Mellor Actriz e á Mellor Actor. Asimismo, no ánimo de axudar a unha mellor distribución do cinema iberoamericano no territorio español, o certame onubense arbitra a modalidade dunha subvención de dous millóns de pesetas, que obterá cada unha das películas premiadas.

E a lóxica presenza dos distintos homenaxeados e diversos membros de todos os colectivos-autores das fitas animará esta festa cinematográfica da capital colombina (20/27 do presente mes), este ano a celebrar a edición da súa consolidación. A consolidación e a necesaria pervivencia dun encontro de fundamental referencia no panorama cultural iberoamericano. ♦